



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

### - CASA CONSISTORIAL, XOVES 27 DE XULLO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

#### **PRESIDE:**

MARIA JESUS NOVO GOMEZ MARIA JESUS NOVO GOMEZ

#### **ASISTEN:**

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

#### **SECRETARIA / INTERVENTORA:**

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### **ORDE DO DÍA**

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.**

Ao non haber asuntos que tratar neste punto da orde do día a presidencia dispón pasar ao seguinte punto.

#### **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

##### **2.1.- CERTIFICADO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada neste concello co número 1752 en data 21/07/2017, no que se envía o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 2º trimestre de 2017:

Abril: 8.857,75 €

Maio: 9.511,44 €

Xuño: 9.555,18 €

Regularizacións do/s período/s 01/01/2017-31/03/2017: -39,09 €.

Total nómina neta 2º trimestre: 27.885,28 €

Total devengado: 27.885,28 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

##### **2.2.- AUTORIZACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA MANTEMENTO PROVISIONAL DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN LABORAL**

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa do Servizo de Orientación Laboral da Consellería de Economía Emprego e Industria ao respecto da solicitude formulada pola entidade Concello de Santiso en data 21-04-2017, con rexistro de entrada neste concello co número 1744 en data 21/07/2017, no que se autoriza o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados ao abeiro da orde de 29 de decembro de 2015 nos termos que se atopaban



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

autorizados á data de fin de vixencia da mesma, coa excepción referente á entidade contratante do persoal orientador, que deberá ser o concello de Santiso, toda vez que é este concello o solicitante da axuda.

Esta autorización provisional concédese até a data de resolución da orde de 8 de marzo de 2017 (convocatoria de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017 DOG nº 58 de 23 de marzo de 2017) ou, no seu caso, ata a revogación da citada autorización polos correspondentes órganos da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## 2.3.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL POLO QUE SE COMUNICA A ASIGNACIÓN DO FINANCIAMENTO PARA A TRABALLADORA SOCIAL.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social, con rexistro de entrada neste concello co número 1759 en data 26/07/2017, no que se comunica que se lle asignou a este concello un financiamento para o concepto traballadora social pola contía de 16.815,00 €uros; tramitouse un anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2016 para este concepto, segundo os datos que se reflictan na seguinte táboa:

Corporación Local	Nº traballadores sociais	Financiamento básico asignado en 2016	Anticipo 2017 (50%)
Concello de Boimorto	1	16.815,00 €	8.407,50 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## 2.4.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, SERVIZO EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (SOCORRISTA)

Pola secretaria dáse conta da resolución remitida do Servizo Emprego e Economía Social, Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de entrada neste concello co número 1604 en data 03/07/2017, na que se resolve a concesión de subvención expediente TR351A 2017/000023-1 por importe de 2.905,00 euros, equivalente aos custos salariais totais de contratación de persoal para o servizo de socorrismo a tempo completo por un período de dous meses, nos seguintes termos:

Ocupación profesional	Contratacións subvencionadas	Grupo cotización	Custo mensual subvencionado por contrato	Importe total subvención
Socorrista	1	8	1.452,55	2.905,00

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## 2.5.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SOBRE A NECESIDADE DE VELAR POLA CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN, REXENERACIÓN E MELLORA DOS APROVEITAMENTOS DOS TERREOS DE MONTE

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Consellería do Medio Rural, con rexistro de entrada neste concello co número 1639 en data 04/07/2017, no que informa que a Lei de



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ten contemplado entre outras cuestións, as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume, así como as estratexias para a extinción, lembrando que nestas medidas temos as administracións competentes a responsabilidade e a obriga de actuar. Neste mesmo escrito se sinalan as obrigas tanto das entidades locais como dos particulares.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.6.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DA EDAR DE BRATES**

Pola secretaria dáse conta da proposta de resolución enviada pola xefa da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, con rexistro de entrada neste concello co número 1698 en data 12/07/2017, relativa á solicitude de modificación da autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas a un regato innominado afluente do río Tambre procedentes da EDAR de Brates asentada no lugar de San Pedro de Brates (t.m. Boimorto) Clave: DH.V15.29888 na que propón modificar integramente o condicionado da autorización emitida en data 23/12/2011 e se transcribe a nova redacción dos condicionantes, sendo un deles o envío dos resultados analíticos anualmente e ponse en coñecemento deste concello para que no prazo de DEZ DÍAS se manifeste a súa conformidade ou ben se presente as alegacións que se teña por convenientes. Doutro xeito, entenderanse aceptados os termos da presente proposta.

Esta modificación foi comunicada a Augas de Galicia en data 14/07/2016 con motivo das obras incluídas no proxecto "Mellora do vertido da depuradora de San Pedro de Brates", subvencionado pola Deputación Provincial no marco do Plan de Medio Ambiente 2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.7.- RESOLUCIÓN DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DOMÉSTICAS DEPURADAS AO REGO DO SEIXO PROCEDENTES DO SANEAMENTO DO LUGAR DA CARREIRA - VILANOVA - BOIMIL**

Pola secretaria dáse conta da resolución ditada polo director de Augas de Galicia en data 19/06/2017, con rexistro de entrada neste concello co número 1699 en data 12/07/2017, na que se resolve modificar integramente o condicionado da autorización de vertido de augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Tambre) procedentes da EDAR de Boimil (t.m. Boimorto) Clave: DH.V15.18402 outorgada a este concello por resolución de Augas de Galicia de data 23/09/2004. En dita resolución se transcribe a nova redacción dos condicionantes, sendo un deles o envío dos resultados analíticos anualmente.

Esta modificación foi comunicada a Augas de Galicia en data 11/02/2015 con motivo das obras realizadas por este concello no sistema de depuración e evacuación do vertido incluídas no proxecto "Mellora dos acceso e do vertido da depuradora de Boimil", subvencionado pola Deputación Provincial no marco do Plan de obras e servizos 2015.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.8.- REQUIRIMENTO DO ORGANISMO DE AUGAS DE GALICIA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DOMÉSTICAS DEPURADAS AO REGATO DE FILGUEIRA (CUNCA DO RÍO ULLA) PROCEDENTES DO SANEAMENTO DE DORMEÁ, ALGALIA E BARRIO**

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, con rexistro de entrada neste concello co número 1733 en data 19/07/2017, no que informa que a



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

vista da autorización de vertido outorgada para as instalacións de referencia por resolución de Augas de Galicia de data 23/12/2011, non se ten constancia de que se teñan prestado os xustificantes analíticos correspondentes aos controis do vertido e do medio receptor que o concello deberá ter realizado e remitido a Augas de Galicia cos parámetros e periodicidade establecidos na autorización de vertido vixente, e requíreselle ao Concello para que presente dentro de QUINCE (15) DÍAS os informes de ensaio cos resultados dos controis de vertido e do medio receptor efectuados dende o outorgamento da autorización de vertido coa periodicidade establecida nela.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.9.- RESOLUCIÓN DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO POLA QUE SE INCOA EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con rexistro de entrada neste concello co número 1056 en data 11/05/2017, na que resolve incoar expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras realizadas en solo rústico consistentes na execución dunha construción con tipoloxía de vivenda unifamiliar, construción auxiliar e instalación dunha caixa de camiión no lugar de Santarandel-Arceo (referencia catastral 15010A507000860000JL) e figura a nome de Dna. María Esther Bravo Paz.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.10.- RESOLUCIÓN DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO POLA QUE SE DECLARA QUE AS OBRAS PROMOVIDAS POR MERCEDES BRAVO PAZ NON SON LEGALIZABLES**

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con rexistro de entrada neste concello co número 1734 en data 19/07/2017, na que resolve declarar que as obras promovidas por Mercedes Bravo Paz executadas en solo rústico, sen autorización urbanística autonómica consistentes na construción dunha edificación con tipoloxía de vivenda e dúas edificacións auxiliares ao dito uso, sitas na parcela catastral 20100 do polígono 507, no lugar de Santarandel, parroquia de Arceo, no municipio de Boimorto, provincia da Coruña non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico e ordenar a demolición das obras, que deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.11.- NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS "MELLORAS NO AFORRO ENERXÉTICO DO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE SENDELLE"**

Pola secretaria dáse conta da notificación enviada de xeito telemático pola directora xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con rexistro de entrada neste concello co número 1707 en data 14/07/2017, na que notifica a resolución do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2017, pola que se acordou subvencionar aquelas entidades solicitantes que presentaron solicitude e obtiveron unha puntuación igual ou superior a 23,64 puntos.

En consecuencia, ao non ter acadado tal puntuación, a súa solicitude de subvención enténdese desestimada, que sería o caso do Concello de Boimorto que solicitou subvención por importe de 24,445,34 €uros (80% sen IVE) para o proxecto "Melloras no aforro enerxético do alumeado público da parroquia de Sendelle" cun orzamento de execución por contrata de 36.973,58 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### **2.12.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN DE GALIÑAS POÑEDORAS ECOLÓXICAS EN RIBADISO DA FRAGA – DORMEÁ - BOIMORTO**

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, con rexistro de entrada neste concello co número 1636 en data 04/07/2017, acompañado de copia da resolución de declaración de disentimento da solicitude de declaración de incidencia ambiental da actividade de explotación de galiñas poñedoras ecolóxicas, no lugar de Ribadiso da Fraga-Dormeá, promovido por Granxa Ribadiso, SC (Expediente CO/2017/029 BMV)).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.13.- NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE CONCEDE UNHA PRÓRROGA DO PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DA OBRA RECUPERACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN SANTARANDEL. PARROQUIA DE ARCEO.**

Pola secretaria dáse conta da notificación remitida da sección de plans especiais da Deputación provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1634 en data 04/07/2017, 883 en data 12/12/2016, na que se notifica a resolución 2017/20767 pola que se conceda unha ampliación do prazo de xustificación das obras "Recuperación de espacio público en Santarandel. Parroquia de Arceo", cofinanciadas pola Deputación a través de Convenio de Colaboración suscrito no ano 2014, ampliándose o prazo de xustificación ata o 1 de novembro de 2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.14.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN INVESTIMENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2016.**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1673 en data 10/07/2017, pola que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Investimento deportivo).

O importe que se vai aboar é de 2.399,99 €uros (o resto do 60% da subvención concedida).

Economía: 0,01 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.15.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN INVESTIMENTOS EN PROMOCIÓN TURÍSTICA DURANTE O EJERCICIO 2016.**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1674 en data 10/07/2017, pola que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Promoción turística inversión).

O importe que se vai aboar é de 2.439,99 €uros (o resto do 100% da subvención concedida).

Economía: 0,01 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.16.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN MANTENIMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, DURANTE O ANO 2016**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1675 en data 10/07/2017, pola que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Mantemento do servizo de normalización lingüística (Boimorto, Sobrado e Arzúa)).

O importe que se vai aboar é de 4.126,03 euros.

Economía: 1.873,97 € (Producida porque non se prestou o servizo durante 57 días).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.17.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTAN AS CONDICIÓN E SE APROBAN DEFINITIVAMENTE O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1721 en data 19/07/2017, pola que se resolve considerar cumpridas as condicións ás que foron sometidas as actuacións promovidas por este Concello, incluídas na "1ª fase do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016", e aprobar definitivamente a actuación "Mellora do vertido da depuradora de San Pedro de Brates".

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.18.- DECLARACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE DECLARA DEFINITIVAMENTE APROBADO O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada pola presidenta en funcións da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 1669 en data 10/07/2017, na que se resolve considerar definitivamente aprobado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2017, aprobado polo Pleno da Deputación na sesión extraordinaria realizada o 8 de xuño de 2017, logo da súa exposición e información pública sen presentarse alegación nin reclamación ningunha, e logo de cumprirse a condición, á que foi sometido, da entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos (EMC) 3/2017 coa publicación correspondente anuncio no BOP nº 127 de 6 de xullo de 2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por esta secretaria se sinala que non se pode iniciar os trámites de contratación das actuacións incluídas por este concello están suxeitas a condicións suspensivas (autorización de patrimonio cultural)

### **2.19.- OFICIO DA FISCALÍA PROVINCIAL DE A CORUÑA ACOMPAÑADO DE COPIA DO DECRETO DE ARQUIVO DITADO O DÍA 27 DE XUÑO DE 2017 DE DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL 185/2017. ACTUACIÓNS PREVIAS A EXPEDIENTE DISCIPLINARIO**

Pola secretaria dáse conta do Decreto de Arquivo ditado o día 27 de xuño de 2017 da Fiscalía Provincial de A Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 1665 en data 07/07/2017, sobre Dilixencias de Investigación Penal 185/2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **3.- SOLICITUDE BAIXA NO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO INMOBLE SITO NO LUGAR DE PONTE PRÉSARAS Nº 4 (ANDABAO)**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1760, con data 26/07/2017 presentada por Dna. María Esther Salgado Rodríguez con DNI 33120719Y, con domicilio a efectos de notificación en Avda. Camelias nº 103 3º C, Vigo, 36211 Pontevedra, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador así como no



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

servizo de recollida de lixo correspondente á vivenda sita no lugar de Ponte Présaras nº 4 da parroquia de Andabao, deste termo municipal.

Considerando que o servizo de recollida de basuras é un servizo municipal de obrigada prestación e recepción (artigos 25 e 26.1 da lei 7/1985 de 2 de abril) e tendo en conta distintas sentenzas, como a do Tribunal Supremo de 7 de marzo de 2003.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Non tramitar a baixa no padrón de recollida de lixo.

**SEGUNDO.-** Autorizar a baixa no padrón da taxa de abastecemento de auga potable xa que este non é un servizo de recepción obrigatoria.

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos

### 4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN CRUCEIRO-CARRETERA Nº 10 (CORNEDEA)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1319, con data 06/06/2017, presentada por Dna. Verónica Mato Rodríguez, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Espiritu Santo 16, Cecebre, Cambre, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Cruceiro-Carretera número 10, da parroquia de Corneda, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 24/07/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Verónica Mato Rodríguez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Cruceiro-Carretera número 10 da parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### 5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN COTO SALGUEIRO Nº 11 (ÁNXELES)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1364, con data 12/06/2017, presentada por Dna. Aurora Novo Andrade, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Coto Salgueiro núm. 11, Ánxeles, 15816 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Coto Salgueiro número 11 da parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o informe do técnico municipal de data 24/07/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Aurora Novo Andrade, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Coto Salgueiro núm. 11 da parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **6.- CAMBIO DE TITULARIDADE EN LICENZA DE ACTIVIDADE. SOLICITANTE: JUANA IRIS MADRID MENJIVER. ESTABLECEMENTO: CAFÉ BAR CORREDOIRAS**

Visto o expediente incoado por Dna. Juana Iris Madrid Menjivar, con NIE Y4685221C de cambio de titularidade que figura a nome de D. José Antonio Carreira Fandiño, a licenza de café-bar, denominado "Carreira", sito en Lg. Corredoiras da parroquia de Ánxeles, así como a documentación aportada.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar razón do cambio de titularidade da licenza de actividade de café-bar denominado "Carreira", sito en Lg. Corredoiras da parroquia de Ánxeles.

**SEGUNDO.-** En consecuencia, que conste a favor de JUANA IRIS MADRID MENJIVER o cambio de titularidade da Licenza de actividade coas mesmas características que a licenza orixinaria; e sen prexuízo das restantes autorizacións que no seu caso lle corresponda outorgara outros organismos públicos. Do mesmo xeito, o cambio de titularidade outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**TERCEIRO.-** Que polos servizos técnicos urbanísticos se realice visita de comprobación do cumprimento de mnedidas correctoras aplicables a dita actividade.

**CUARTO.-** Notificar tanto ao transmitinte como ao adquirinte o presente acordo.

### **7.- CAMBIO DE TITULARIDADE EN LICENZA DE ACTIVIDADE. SOLICITANTE: JOSÉ LUIS MARQUES GARCÍA. ESTABLECEMENTO: PANADERÍA VEIGA EN RÚA PAZO Nº 9 - BOIMORTO**





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o expediente incoado por D. José Luís Marques García, con DNI 32396384X actuando en representación da sociedade O Forno de Noa, S.L. CIF B70467121 de cambio de titularidade que figura a nome de D. Manuel Roberto Veiga Guerra, a licenza dunha industria de panadería, denominada "Panadería Veiga", sita na rúa Pazo nº 9 do núcleo urbano de Boimorto, así como a documentación aportada.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar razón do cambio de titularidade da licenza de actividade de panadería denominada "Panadería Veiga", sito en rúa Pazo número 9 do núcleo urbano de Boimorto.

**SEGUNDO.-** En consecuencia, que conste a favor de O FORNO DE NOA, S.L. o cambio de titularidade da Licenza de actividade coas mesmas características que a licenza orixinaria; e sen prexuízo das restantes autorizacións que no seu caso lle corresponda outorgara outros organismos públicos. Do mesmo xeito, o cambio de titularidade outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**TERCEIRO.-** Que polos servizos técnicos urbanísticos se realice visita de comprobación do cumprimento de mnedidas correctoras aplicables a dita actividade.

**CUARTO.-** Notificar tanto ao transmitinte como ao adquirinte o presente acordo.

### **8.- DISENTIMIENTO POR FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN DUN CIRCO**

Visto o requirimento de documentación con rexistro de saída nº 1268 en data 03/07/2017 dirixido a Dna. Naike Errani en relación coa solicitude de 1587 en data 28/06/2017.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas foi outorgado prazo de 10 días hábiles (segundo documento recibín copia contar dende o 5/07/2017) para aportar a documentación requirida sen que fose presentada segundo os datos que constan no rexistro municipal.

Advertido á interesada que de non presentar a documentación solicitada entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Por unanimidade a Xunta de goberno local en aplicación dos artigos 68,1 e 21 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Declarar concluído o procedemento de licenza para instalación dun circo iniciado por solicitude (OB-010S) con nº de rexistro de entrada neste Concello 1587 en data 28/06/2017 por entender desistido da súa solicitude a interesada ao non ter presentado a documentación requirida, arquivando o expediente.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución á interesada aos efectos oportunos.

### **9.- COMUNICACIÓN PREVIA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN LOBOMORTO (ARCEO)**

Pola secretaria dáse conta que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 30/03/2017 acordouse solicitar a emenda da documentación presentada en relación co expediente



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de comunicación previa de execución de obras de subministro eléctrico para unha vivenda unifamiliar, por ser necesario que a liña sexa soterrada.

Considerando que coa documentación aportada en data 16/06/2017 número de rexistro de entrada 1403 foi subsanada, achegando "Carpeta de permisos para P.S. Lobomorto (Boimorto)" redactada polo enxeñeiro industrial D. Miguel Ángel Bernal López, colexiado ICOIIG nº 2901.

O expediente de comunicación previa de execución de obras comprende as seguintes características:

Solicitante:	D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A.
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 – A Coruña
Actuación solicitada:	Subministro a unha vivenda unifamiliar localizada no lugar de Lobomorto, parroquia de Arceo, de enerxía eléctrica de 5,75 kW, para o cal se proxecta a conexión á rede de baixa tensión existente, procedente do centro de transformación 15A140 (Canto do Balo, saída 01). Para realizar a conexión se deriva do condutor RZ25 existente no apoio HV630-11 existente e mediante a realización dun paso aéreo soterrado se tende con condutor XZ1 50 ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite coa vía pública. Para a canalización do condutor realízase unha gabia de 0,4 x 1 m de profundidade con dous tubaxes de 160 mm de diámetro.
Ubicación da obra:	Lg. Lobomorto – Arceo
Referencia catastral:	15010A507003840001KF
Orzamento:	2.527,75 €uros.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade

## ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.527,75 €uros

Liquidación 2%: 50,56 €uros.

**CUARTO.-** Comunicar que debe depositar unha fianza por importe de 2.527,75 €uros con anterioridade á data prevista de realización da obra par garantir os posibles danos que se produzan e ademais a reposición do viario realizarase cos mesmos materiais que presenta na actualidade.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Antonio Fernández Amaro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## 10.- COMUNICACIÓN PREVIA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA PERRUQUERÍA EN RÚA GÁNDARA Nº 50 DE BOIMORTO

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 31 de maio de 2017 (RE núm. 1.262) coas seguintes características:

### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Silvia Mourazos García
DNI:	78806498B
Domicilio:	Lg. Pastoriza Vella núm. 7 - Lema - 15819 Arzúa

### Datos da obra:

Obxecto:	Acondicionamento de local para perruquería
Nome do técnico director do proxecto e Anexo	D. Ramón Calvo Moreta, arquitecto técnico, colexiado nº 1.487
Situación:	Rúa Gándara núm. 50 Baixo – 15817 Boimorto
Referencia catastral:	0615729NH7601S0000JG
Orzamento de execución:	4.900,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva tradicional.
Autorización sectoriais:	Non se precisa.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 12 de xullo de 2017 sinalando que a actividade non ten que someterse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, xa que non se atopa entre as recollidas no seu Anexo, tratándose ademais dunha actividade inocua.

Tamén consta no expediente certificación técnica de solidez e seguridade asinada polo arquitecto técnico D. Ramón Calvo Moreta que foi presentada en data 5 de xullo de 2017 con rexistro de entrada número 1.650 xunto co anexo I ao proxecto: Acondicionamento de local para perruquería.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

